

## **ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE USUARIOS DOS SERVIZOS DE APOIO Á INVESTIGACIÓN, DE 26 DE XULLO DE 2006**

No salón de actos do Edificio de Servizos Centrais de Investigación, ás 11:30 horas, celébrase a reunión ordinaria da Comisión de Usuarios dos Servizos de Apoio á Investigación (SAI) da Universidade da Coruña, por convocatoria da súa Presidenta, a Excm. Sra. Vicerreitora de Investigación, coa seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación da acta da reunión anterior
2. Informe da dirección
3. Aprobación da proposta de tarifas
4. Rogos e preguntas

e sendo a relación de asistentes:

Concepción Herrero López, Presidenta  
Jaime Rodríguez González, Director dos S.A.I.  
Pilar Rodríguez Barro  
Carlos Jiménez González  
Andrés de Blas Varela  
Andrés Martínez Lage  
Jorge Delgado Martín  
Soledad Muniategui Lorenzo  
José Luis Vilariño López  
Daniel Fernández Mosquera  
Alicia Cantarero Roldán  
José María Aguiar Paz  
Jorge Otero Canabal

Non se atopa presente Julián Yáñez Sánchez, de viaxe por motivos académicos.

Procede á apertura da sesión a Presidenta da Comisión, mencionando a aprobación durante o pasado ano dun novo regulamento do servizo, que contempla para a Comisión de Usuarios dos SAI unha nova composición, máis ampla, tal e como queda constituída para a presente reunión. A Comisión de Investigación da Universidade acordou que esta Comisión debe ter un carácter fundamentalmente técnico e a súa composición debe ser representativa dos usuarios do servizo. O Vicerrectorado de Investigación solicitou aos directores de Departamentos e Centros Tecnolóxicos usuarios dos servizos que propuxeran, se o desexaban, candidatos para actuar como representantes dos usuarios; consideráronse de xeito conxunto o *usuarios correspondentes os Departamento de Ciencias da Navegación e da Terra* e o Instituto Universitario de Xeoloxía, así como o Departamento de Química Analítica e o Instituto Universitario de Medio Ambiente. Partindo das propostas presentadas, o Director do Servizo púxose en contacto cos solicitantes para consensuar cos mesmos a relación definitiva de representantes dos usuarios. Os representantes do persoal foron elixidos por votación entre todos os membros do servizo. Procédese á lectura da composición da Comisión de Usuarios dos SAI, e dáse esta por formalmente constituída. Designase como secretario da mesma a Jorge Otero Canabal.

#### Punto 1º. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA REUNIÓN ANTERIOR

A Presidenta expón que a Acta da anterior reunión foi remitida a todos os entóns membros da Comisión, os cais comunicaron a súa conformidade coa mesma por correo electrónico (coa excepción do Prof. Darío Prada, que se atopaba ausente). Dado que a citada Acta foi tamén remitida aos actuais membros da Comisión, acordase por unanimidade prescindir da súa lectura e procedese á súa aprobación.

O Director do servizo propón adoptar como procedemento habitual o envío da acta de cada reunión xunto coa convocatoria da seguinte, a fin de evitar o que o tempo

da reunión se alongue pola súa lectura. Apróbase por unanimidade a adopción deste procedemento.

## Punto 2º. INFORME DO DIRECTOR DO SERVIZO

O Director do Servizo, Jaime Rodríguez González, fai un resumo da xestión do servizo desde a súa toma de posesión en novembro de 2005. Adxúntase coa presente acta o contido da exposición en formato electrónico, facéndose un breve resumo nesta Acta:

- Presuposto para o ano 2006. O presuposto é moi similar ao do ano 2005, salvo unha ampliación do capítulo de mobiliario. Esta ampliación responde á necesidade de dotar axeitadamente os laboratorios, que aínda non foran acondicionados realmente como tales. Adquiríronse fundamentalmente mesas, armarios e algúns moveis auxiliares, e instaláronse uns 30 metros de poiata. Os gastos foron parcialmente financiados mediante a venda dun equipo de difracción de raios X en desuso.

- Memoria do ano 2005. O servizo presentou en marzo a memoria do ano 2005, que está dispoñible na súa páxina web, xunto coa memoria do ano 2004. O Director expón que houbo un lixeiro incremento (3,8%) do número de mostras rexistradas no servizo, pero cun aumento bastante superior (27,1%) do número de determinacións realizadas. Coméntase a evolución dos ingresos do servizo.

- Posta en marcha de novos equipos. A convocatoria de fondos FEDER do ano 2005 permitiu a adquisición de pequenos equipamentos (extractor por ultrasons, extractor automático Soxhlet, bloque de dixestión, evaporador automático, concentrador automático de gas inerte, accesorio ATR para FTIR) que xa foron recibidos e postos en marcha (coa excepción do accesorio ATR, pendente de recepción).

- Na mesma convocatoria de fondos FEDER obtívose unha axuda de 712.906 euros para adquisición de equipamento para o laboratorio de espectrometría de masas. Presentáronse a concurso tres empresas (Waters, Applied Biosystems, Agilent). Tras a avaliación das ofertas, foi seleccionada a presentada por Applied Biosystems. Preséntanse os equipos incluídos na oferta que comprenden, a maiores do equipamento inicialmente previsto na solicitude (un sistema LC-ESI-TOF e un sistema LC-MS cuantitativo), un instrumento MALDI-TOF. O sistema LC-ESI-TOF inicialmente previsto foi mellorado a un equipo con capacidade Q-TOF. Coa

adquisición deste equipamento acádase unha notable mellora e posta ao día dos laboratorios de espectrometría de masas.

- Procedeuse á posta en marcha do difractómetro de raios X monocristal Bruker X8 Apex II. Este instrumento permanecía sen funcionar desde a súa instalación no 2003, debido a diversos problemas de configuración que non foran solventados pola empresa suministradora. Fixéronse diversas xestións coa dirección de Bruker, que proporcionou un detector de novo deseño, o que permitiu a posta en funcionamento do equipo.

- Elaborouse un procedemento de confidencialidade, requerido para o establecemento dun Sistema de Xestión da Calidade. O procedemento esixe a firma dunha carta de compromiso tanto por parte do personal como dos eventuais visitantes das instalacións. No mesmo marco, elaborouse un procedemento para regular o desenvolvemento de visitas, estancias e actividades formativas en xeral. Implementáronse diversos procedementos e mecanismos de xestión: bases de datos, procedementos de xestión económica, desenrolo dunha intranet, empezando a configurar un sistema que deberá expandirse ata que toda a actividade do servizo quede cuberta por unha intranet e polo Sistema de Xestión da Calidade.

- En Marzo inaugurouse a nova páxina web do servizo, con máis información. Continuase coa súa posta ao día.

- En Abril iniciouse a execución da RPT do servizo. Desenvolveuse un proceso de xeneración de lista de agarda, baseado na realización dun exercicio xeral e outro específico das diferentes unidades dos SAI. Debido á falta de personal causada pola finalización dun gran número de contratos temporais, a capacidade de traballo dos servizos sufriu unha considerable diminución durante os últimos meses, levando a retrasos nas análises. Esperase paliar esta circunstancia coa incorporación das personas seleccionadas para a lista de agarda, que se fará en condicións de contratación indefinida de xeito que se eviten situacións similares no futuro. Producíronse xa 5 incorporacións no momento actual

- En canto á obtención dunha licenza para instalación radiactiva, a Vicerrectora sinala que a pesar de que na Universidade xa existían dende hai algún tempo fontes radiactivas, non se dera ningún paso neste sentido. Sen embargo, para a instalación de determinados equipos nos SAI o fabricante requiría dita licenza. O responsable (supervisor) da instalación pertence nestes momentos a unha empresa externa á Universidade (Expert). A partir do ano próximo, despois de recibir a formación correspondente, a supervisión recaerá sobre un técnico superior do servizo.

- A Unidade técnica de calidade porá a disposición dos usuarios, vía web, un formulario de satisfacción co servizo, que constará dunha parte xeral e doutra específica para cada unidade.

- Para o seguimento do plan de melloras resultante do proceso de autoevaluación do servizo, desenvolto durante o 2005, nomearase un Comité de Calidade, que deberá celebrar cando menos dúas reunións ao ano. En canto ao Comité Técnico do servizo, celebra unha reunión mensual desde a incorporación do actual director, dacordo co regulamento dos SAI.

- Imparteuse un curso para o personal sobre a norma ISO 17025 para laboratorios de ensaio e calibración, de novo de cara á implantación dun sistema de xestión da calidade e a abordar a acreditación de ensaios (inicialmente, está prevista a acreditación da determinación de dioxinas na UTC, e de ensaios por PCR na UBM).

### Punto 3º. APROBACIÓN DA PROPOSTA DE TARIFAS

A Vicerrectora de Investigación indica que a presente Comisión debe elevar unha proposta de tarifas para a súa aprobación no Consello de Contas. Se ben de xeito xeral as tarifas actualízanse en xaneiro de cada ano, neste momento plantéxanse algunhas modificacións puntuais, que expón o Director do servizo:

- Na UAE eliminanse algunhas tarifas e creanse outras, para adaptarse á práctica do laboratorio e para eliminar confusións.

- Unifícanse nunha soa as tarifas de pH en sólidos e líquidos.

- Na UEM creanse as novas tarifas para os equipos que se instalarán este ano. Aplicarase inicialmente a mesma tarifa de FAB aos novos ensaios, para posibilitar a transferencia de análises de FAB a electrospray. Ante a aclaración solicitada por Andrés de Blas, o Director do servizo explica que inicialmente faranse a maiores ensaios por electrospray sen cargo sobre mostras remitidas para FAB, para que os usuarios poidan decidir se lles resulta convinte a migración dalgunhas mostras a esta técnica.

- Na UTC establécense tamén novas tarifas, condicionadas polo elevado coste das columnas de afinidade.
- En UTIA, eliminanse algunhas tarifas que non tiñan aplicación, e establécense outras para novas técnicas.

Andrés de Blas manifesta que, se ben as tarifas non son en xeral elevadas para os usuarios da universidade, a tarifa de drx monocristal, sobre todo para baixa temperatura, parece comparativamente menos económica que as de outras técnicas, e solicita que se teña en conta esta consideración para futuras revisións.

Jorge Delgado manifesta que o cadro de tarifas resulta un tanto complicado, e propón que se trate de mellorar o seu formato. Ademáis, nalgúns casos pode haber un exceso de detalle (referencia a brancos, réplicas,...) que dificulta a estimación de presupostos, polo que propón facer unha simplificación que atenda ás condicións habituais das análises e na que se estandarice o número de réplicas de cada ensaio. O profesor fai referencia asemade á carga de traballo en análise isotópico e de augas por usuarios de tipo B, que dificultaría a posta en marcha de técnicas necesitadas polos usuarios internos da universidade. Alicia sinala que, atendendo ao número de determinacións, a unidade involucrada reparte ao 50% as determinacións realizadas entre usuarios de tipo A e B. A Vicerrectora resalta que, segundo se pode apreciar na memoria anual, os servizos cumpren fundamentalmente a súa misión de servizo interno, pero que desde logo este débese debe priorizar. Jorge Delgado pregunta pola determinación de amonio en auga. O Director comunica que se está a facer unha avaliación de costes, pero que se vai tratar de poñer en marcha o servizo cunha tarifa provisional. Pilar Rodríguez pregunta se se vai potenciar a análise de augas, respondendo afirmativamente o director.

Apróbase por unanimidade a proposta de tarifas presentada, para a súa elevación ao Consello de Contas.

#### Punto 4º. ROGOS E PREGUNTAS

Andrés de Blas solicita, en nome dos usuarios de drx, que a identificación de fases se poida facer en rexime de autoservizo, para unha maior operatividade. Os

responsables do servizo responden que a proposta será probablemente viable, e que se xeneraría un sistema de reservas.

Andrés de Blas solicita información sobre a política de acreditacións do servizo. O Director resposta que este tema terá un desenrolo longo, e que se orientará a ensaios asentados e cunha demanda significativa. Un caso podería ser a análise de dioxinas, para o que existen aínda poucos laboratorios acreditados, e no que somos referencia dentro e fora de Galicia, cun procedemento ben estandarizado. Este ensaio foi seleccionado pola Unidade Técnica de Calidade, xunto con parte da oferta da Unidade de Bioloxía Molecular, para unha primeira fase de acreditación. En todo caso, o proceso levará un tempo considerable. O profesor Andrés de Blas pregunta se sería posible facer propostas de ensaios para acreditación en caso de coñecerse o interés dalgunha empresa nos mesmos, ao que se lle responde que se podería contemplar. Pilar Rodríguez pregunta se a acreditación dos ensaios repercutiría nas tarifas, ao que se responde que cando se coñezan os costes reais procederase a estudar a posible repercusión.

Pilar Rodríguez traslada unha queixa do profesor Alberto de Vega por retrasos en análise de RMN. O responsable do laboratorio de RMN, Jorge Otero, responde que efectivamente se produciron retrasos considerables na súa unidade durante os últimos meses, nos que polas circunstancias xa referidas el quedou como único integrante do personal da unidade. Pilar Rodríguez pregunta se se producirán máis retrasos pola necesidade de formación do personal. A Vicerrectora aclara que xa se están a producir as incorporacións, e que en moitos casos se trata de personal formado. Asemade, en relación co novo plano galego de i+d, prevense outras accións de incorporación de personal.

Soledad Muniategui pregunta polas posibilidades de apoio dos servizos na docencia, sobre todo en relación cos novos posgrados. Respóndese que se estudará se o procedemento para visitas e actividades formativas recentemente aprobado pode cubrir este particular.

Carlos Jiménez pregunta polas posibilidades dos servizos na formación de alumnos de doctorado (por exemplo, formación no manexo de instrumentos). O Director remite ao procedemento xa mencionado, no que se recolle a posibilidade de realizar estancias e cursos a solicitude dos investigadores.

*Andrés Martínez Lage* pregunta por posibles sistemas de recollida de mostras, dado o inconveniente que resulta trasladalas ao edificio dos servizos. Respóndese que o servizo nos dispón de medios para asumir a recollida, que ademáis de establecerse

debería atender a todos os centros da universidade. O Director informa que no departamento de química fundamental un técnico de laboratorio realiza un traslado diario. A Vicerrectora comenta que en principio non é un problema de fácil solución. Menciónase tamén que en moitas ocasións recíbense mostras mediante servizos de correos.

Jorge Otero traslada unha petición do personal, solicitando o apoio dos usuarios para aumentar a dotación de personal dos SAI. Lémbrese asemade a existencia dun sistema de queixas e suxerencias, e solicítase aos usuarios que recurran ao mesmo para trasladar calquera consideración, de xeito que se garantice que a mesma quede recollida e poida ser atendida de cara a mellora do servizo

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 13:05 horas.

Vº e Prace da Presidenta

Asdo.: Concepción Herrero López

O Secretario da Comisión

Asdo.: Jorge Otero Canabal